EM-B3.1	6º-EMB3.1.6 - Analiza as danzas realizadas, recoñece os erros e amosainterese por mellorar o produto.	50%	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CAA
EM-B3.1	6º-EMB3.1.7 - Respecta o traballo en grupo e participa nel de xeito pracenteiro, amosando	50%	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CAA CSC
	confianza nas propias posibilidades e nas das demais persoas.						
EM-B3.1	6º-EMB3.1.8 - Amosa respecto polas demais persoas e colaboración con elas.	100%	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CSC

CRITERIOS DE CORRECCIÓN E PUNTUACIÓN

Probas ou traballos (50%)

Exame ou traballos dos diferentes aspectos que se traballen na aula: ritmo, melodía, cancións, teoría... Valorarase numericamente de 0 a 10 e o valor de cada pregunta dependerá do número de preguntas que conteña o exame.

Traballo diario (Supón un 30 %)

Fichas: valórase a presentación, corrección de exercicios, realización de ditados musicais...

Realización de traballos en grupo ou individualmente

A puntuación obtida indícarase numericamente de 0 a 10.

Actitude e interese (supón un 10 %)

Mídese con positivos e negativos. Participación na aula, atención, interese...

Faltas de material (supón un 10%)

Máis de tres faltas de material nun trimestre supón un 0 neste apartado.

MÍNIMOS ESIXIBLES.

Utilización dos recursos expresivos da voz e do corpo.

- Utiliza o propio corpo con fin expresivos
- Canta afinado individualmente e en grupo (en monofonía).

Coñecemento dos elementos básicos da linguaxe musical.

- Coñece as notas da escala.
- Coñece o compás binario, ternario e cuaternario.
- Coñece e interioriza os conceptos de ritmo, pulso, acento e compás.

Recoñecemento e utilización dos instrumentos musicais escolares.

- Avisa habilidade para tocar a frauta empregando unha técnica axeitada e tocando, a lo menos, a escala de Do ascendente e descendentemente.
- Emprega os instrumentos de láminas cunha técnica axeitada.
- Emprega os instrumentos de pequena percusión cunha técnica axeitada.

Desenvolvemento da audición.

- Diferencia auditiva e visualmente as familias instrumentais.
- Diferencia auditiva e visualmente de instrumentos traballados ao longo do curso.

- Diferencia estrofa de retrouso.
- Recoñece a forma canon.

Desenvolvemento da lecto-escritura musical.

- Coñece as figuras redonda, branca, negra, corchea e semicorchea e os seus silencios.
- Escribe de maneira correcta as figuras e os silencios.
- Realiza unha lectura rítmica correcta das figuras coñecidas.
- Coñece a colocación das notas no pentagrama (de Do´ a Do), tanto na lectura como na escritura.
- Coñece os elementos básicos de escritura (liñas adicionais e divisorias e signos de repetición).

Interiorización dos elementos da linguaxe musical.

- Percibe o ritmo, pulso, o acento e o compás.
- Realiza polirritmias grupais.
- Constrúe compases.

INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

PROCEDEMENTOS	SI	NON
Aplica criterios de avaliación de acordo co establecido no Proxecto		

curricular, considerando a diversidade de alumnos e o equilibrio entre contidos.		
Emprega a avaliación dentro do proceso de ensino-aprendizaxe co fin de reconducir o mesmo.		
Adecúa o proceso de ensino-aprendizaxe aos alumnos/as.		
Traballa con obxectivos adecuados á idade do alumnado ao que vai dirixida		
A secuencia de contidos está encaminada á consecución das Competencias Básicas		
Posúe criterios de cualificación		
Inclúe o uso das TIC		

Incorpora os diferentes plans e proxectos		
Posúe contextualización		

ANEXO DE RÚBRICAS DA AVALIACIÓN COMPETENCIAL

RÚBRICAS

RÚBRICA – EMB1.3.3- EMB1.3.4- EMB2.1.1- EMB2.1.2

Identifica e utiliza correctamente os elementos musicais traballados, separa e completa compases e traduce á linguaxe convencional ritmos e melodías sinxelas.

	Moi ben	Ben	Regular	Mal
Lectura rítmica	Coñece todos os elementos traballados na aula e le de xeito autónomo un ritmo.	Coñece todos os elementos traballados na aula pero non le autónomamente.	Comete algúns erros e non garda o tempo.	Comete moitos erros e non garda o tempo.
Lectura melódica	Le coa entonación correcta as melodías traballadas na aula	Le pero comete erros coa entonación	Le con dificultade pero non é quen de entonar axeitadamente.	Comete moitos erros e non é quen de entonar axeitadamente.
Identifica auditivamente	Identifica as figuras traballadas e é quen de	Identifica as figuras pero falla nun compás.	Falla en dous compases.	Falla en tres compases.

	facer un ditado sen erros de catro compases			
Separa	Separa sen erros compases binarios, ternarios e cuaternarios, compostos por elementos musicais coñecidos.	Ten algún erro no exercicio.	Ten ben máis da metade do exercicio.	Falla máis da metade do exercicio
Completa	Completa compases, binarios, ternarios e cuaternarios compostos por elementos musicais coñecidos.	Ten algún erro en todo o exercicio.	Ten ben máis da metade do exercicio.	Falla máis da metade do exercicio
Traduce	Traduce a linguxe convencional ritmos e melodías sinxelas partindo de elementos coñecidos	Traduce a linguxe convencional algúns ritmos e melodías sinxelas, partindo de elementos coñecidos.	Traduce a linguxe convencional algún ritmo e melodía, con axuda, partindo de elementos coñecidos	Non é quen de traducir á linguxe convencional ritmos sen axuda.

RÚBRICA – EMB2.1.3

Interpreta pezas vocais e instrumentais sinxelas con distintos agrupamentos, con e sen acompañamento

	Moi ben	Ben	Regular	Mal
Vocalización	Vocaliza correctamente e con claridade as sílabas das letras das cancións e	Ten algunha dificultade na vocalización do texto das cancións.	Ten moitas dificultades na vocalización das sílabas	Non se lle entende porque non vocaliza.

	rimas traballadas na aula.			
Ritmo	Canta co ritmo axeitado axustándose ao tempo.	Canta co ritmo axeitado pero ás veces se adianta ou se atrasa.	Canta co ritmo axeitado pero non se axusta ao tempo.	Non se axusta ao ritmo da canción nin ao tempo.
Entonación	Canta cunha entonación correcta as melodías traballadas	Canta con boa entonación,pero ás veces desafina.	Cústalle entonar os intervalos melódicos das cancións, anque ás veces afina.	Non é quen de entonar os intervalos melódicos das cancións e desafina.
Acompañamento instrumental	Acompaña con instrumentación PAI e PAD as cancións aprendidas na aula,	Acompaña con instrumentación PAI e PAD as cancións aprendidas na aula pero, ao cantar, comete erros	Acompaña con instrumentación PAI e PAD,as cancións aprendidas na aula pero non é quen de cantar ao mesmo tempo.	Non é quen de manter o ritmo ao acompañar con PAI e PAD,as cancións aprendidas na aula.

RÚBRICA –EMB1.3.2.- EMB1.5.1.- EMB1.6.1.- EMB1.6.2.

Escoita de pezas musicais axeitadas para dentificar as partes e outros elementos musicais- aire, variacións de velocidade e intensidade- e ser quen de representar graficamente a súa estrutura.

	Moi ben	Ben	Regular	Mal
Partes da obra	Escoita e identifica as partes da obra e as repeticións se as hai, coma tamén a introdución e a coda se a tivese.	Escoita e identifica as partes da obra e as repeticións se as hai, pero non diferencia a introdución e a coda do	Identifica as partes pero non as repeticións	Non identifica as partes da obra.

		resto.		
Compases	Conta os compases que ten cada parte e o total da obra	Aproxímase moito ao cómputo final.	Comete algunhas equivocacións	Non leva ben o pulso e comete moitas equivocacións
Variacións de velocidade	Descobre os cambios de velocidade se os houberse e a clasifica polo aire.	Descobre os cambios de velocidade se o houberse pero non a clasifica ben polo aire.	Descubre algún cambio de velocidade se o houberse e non a clasifica ben polo aire.	Non descubre os cambios de velocidade nin a clasifica polo aire.
Variacións de intensidade	Descubre os cambios de intensidade se os houberse e o indica co matiz axeitado	Descubre os cambios de intensidade se os houberse e indica algúns matices.	Descubre algún cambio de intensidade se o hai, pero non o sinala co matiz axeitado	Non aprecia os cambios de intensidade producidos.
Representación gráfica	Representa nun musicograma a estrutura da obra	Comete algún erro no musicograma	Comete moitos erros no musicograma	Non é quen de facer o musicograma sen axuda.

REGISTRO DA INTERPRETACIÓN MUSICAL CON INSTRUMENTOS ORFF

SI / NON

Alumno/Alumna	Axusta a percusión ao ritmo métrico da canción	Percute sobre as placas con seguridade e consisten	Mantén unha postura correcta do brazo respecto ao	Mantén a mirada no director sen necesidade de mirar o instrumento	Ten gusto por interpretar
---------------	--	--	---	---	---------------------------

			cia	instrument o		
1						
2						
3						
4						
5						
6						
7						
8						
9						
10						
11						
12						
13						
14						
15						
16						
17						
18						
19						
20						

21						
22						
23						
24						

ESCALA DE OBSERVACIÓN DA INTERPRETACIÓN MUSICAL VOCAL

MOI BEN / BEN / REGULAR / MAL

Alumno/Alumna		DICCION E EMPASTE NA VOZ			POSTURA E RELAXACION CORPORAL		
		PRONUNCIACORRECTAMENTE NO CANTO	COLOCA A VOZ DE FORMA QUE EMPASTA COAS DEMAIS	AFINA A SÚA VOZ NO GRUPO VOCAL	MANTÉN UNHA POSTURA ERGUEITA NO CANTO	APOIA A VOZ NO DIAFRAGMA	CANTA SEN ESFORZO VOCAL
1							
2							
3							
4							
5							
6							
7							

8							
9							
10							
11							
12							
13							
14							
15							
16							
17							
18							
19							
20							
21							
22							
23							
24							
25							

RÚBRICA PARA A AUDICIÓN MUSICAL

	4	3	2	1
ESCOITA ACTIVA	Escoita atentamente e goza da audición fixándose nos detalles.	Mantén o silencio na escoita pero non se decata dos detalles na audición.	Escoita en silencio pero non se aprecia gozo na escoita.	Non mantén o silencio e móstrase distraído na audición.
CULTURA MUSICAL	Recoñece a obra e o seu autor.	Recoñece a obra escoitada aínda que non a sitúa co seu autor.	Sóalle a obra pero non é capaz de recoñecela nin situala.	Non recoñece a obra nin o autor da audición.
RECOÑECIMIENTO AUDITIVO	Conecta o que escoita cos contidos traballados.	Recoñece algún aspecto do traballado na audición.	Sóanlle aspectos dos traballados na clase pero non é capaz de conectalos.	Non ve relación entre o traballado e o que escoita.

APRECIACIÓN E GUSTO MUSICAL	Valora o que escoita, sabe apreciálo e valora a diversidade musical.	Valora o que escoita, apréciao pero móstrase cerrado nos seus gustos musicais.	Valora o que escoita aínda que non o aprecia nin valora a diversidade musical.	Non valora a audición e móstrase indiferente ante músicas que non son do seu gusto.
--	--	--	--	---

RÚBRICA DE AVALIACIÓN PARA A INTERPRETACIÓN EN AGRUPACIÓNS MUSICAIS

4	3	2	1
---	---	---	---

AXUSTE MÉTRICO	Interioriza o pulso da canción, respéctao durante a obra e varíao con sentido estético.	Interioriza o pulso da canción e respéctao durante toda a obra.	Interioriza o pulso da canción pero váiselle en certos momentos da obra.	Non respecta o pulso da canción nin logra interiorizalo.
AXUSTE RÍTMICO	Axústase á rítmica musical da canción sen perder o tempo.	Axústase á rítmica musical aínda que ás veces se adianta ou se atrasa no tempo.	Axústase á rítmica musical pero non respecta o tempo desta.	Non se axusta á rítmica musical nin respecta o tempo da canción.
LECTURA DE PARTITURAS	Le e descodifica partituras musicais executándoas co instrumento e variándoas con sentido estético.	Le e descodifica partituras musicais e execútaas co instrumento.	Le e descodifica partituras musicais pero cústalle executalas co instrumento.	Non descodifica partituras musicais e é incapaz de interpretalas.

ATENCIÓN AO DIRECTOR	Mira sempre ao director e modifica a súa interpretación atendendo ás instrucións deste.	Mira sempre ao director e modifica a súa interpretación atendendo ás instrucións deste a maior parte do tempo.	Mira sempre ao director pero non modifica a súa interpretación en consonancia coas súas instrucións.	Non mira ao director e non atende as súas instrucións para orientar a interpretación.
EXPRESIÓN MELÓDICA	Expresa a liña melódica seguindo as indicacións da partitura e/ou do director e achegando a súa propia personalidade ao discurso.	Expresa a liña melódica de forma libre sen ter en conta as indicacións da partitura ou do director.	Expresa a liña melódica sen variacións expresivas de forma lineal e sen elaborar o discurso musical.	Non expresa a liña melódica, entrecórtaa facendo complicada a comprensión do discurso musical.

ESCALA DE AVALIACIÓN DA ORIXINALIDADE E CAPACIDADE DE IMPROVISACIÓN MUSICAL

MOI BEN / BEN / REGULAR / MAL

Alumno/Alumna	ORIXINALIDADE			CAPACIDADE DE IMPROVISACIÓN MUSICAL		
	Inclúe elementos novos nas	Sorprende cos desenvolvementos	Emprega tonalidades recha	Moldea a súa interpretación con	Reflicte sentimentos con melodía	Ten facilidade para expresarse

		súas expresi óns	melódico s construí dos	mante s	facilida de	s	melodic amente
1							
2							
3							
4							
5							
6							
7							
8							
9							
10							
11							
12							
13							
14							
15							
16							
17							
18							
19							
20							

21							
22							
23							
24							
25							

RÚBRICA DE AVALIACIÓN DA INTERPRETACIÓN MUSICAL

4	3	2	1
---	---	---	---

Axústase ao pulso	Interioriza o pulso da canción e respéctao durante toda a obra.	Interioriza o pulso da canción pero un váiselle en certos momentos da obra.	Non respecta o pulso da canción nin logra interiorizar o.	Interioriza o pulso da canción, pero un váiselle en certos momentos da obra.
Interpreta a partitura (convencional ou non convencional)	Le e descodifica a linguaxe musical levándoo a cabo na súa interpretación.	Le e descodifica a linguaxe musical, pero cústalle executalo co instrumento.	Non descodifica a linguaxe musical e é incapaz de interpretar a partitura.	Le e descodifica a linguaxe musical, pero cústalle executalo co instrumento.

Atende as instrucións do director	Mira sempre ao director e modifica a súa interpretación atendendo as instrucións deste.	Mira sempre ao director, pero non modifica a súa interpretación en consonancia coas súas instrucións.	Non mira ao director, non atende as súas instrucións para orientar a interpretación.	Mira sempre ao director, pero non modifica a súa interpretación en consonancia coas súas instrucións.
Postura corporal	Móstrase ergueito, mirando á fronte e cunha posición de mans relaxada e sen apertar.	Móstrase ergueito, mirando á fronte, pero está tenso na posición das mans.	Está curvado mirando cara a abaixo e coas mans tensas.	Móstrase ergueito, mirando á fronte pero está tenso na posición das mans.
Respecta os silencios e tempos de espera na interpretación	Respecta o silencio nos ensaios e actuación, sen distorsionar os momentos de espera entre as interpretacións.	Respecta o silencio nos ensaios e actuación, pero toca a fruta nalgunhas ocasións a destempo.	Toca a fruta cando lle apetece e non respecta os tempos de espera na interpretación.	Respecta o silencio nos ensaios e actuación pero toca a fruta nalgunhas ocasións a destempo.

METODOLOXÍA - ESTRATEXIAS DIDÁCTICAS

A pedagogía musical

Ao longo do século XX desenvólvense distintas metodoloxías para a ensinanza da Educación Musical, entendendo tal educación como un procedemento activo de desenvolvemento das capacidades musicais, e diferenciado da ensinanza tradicional de música consistente en coñecemento teórico da linguaxe musical e interpretación técnica dun instrumento. Estas pedagogías manteñen os mesmos principios e fins: conceden grande importancia á formación rítmica e melódica, así como ao aspecto creativo e práctico da música. As diferencias entre unhas e outras correntes pedagóxicas, está nos procedementos e a metodoloxía empregada. Citaranse, brevemente, algunhas das características máis salientables das distintas pedagogías.

O suízo Jacques **Dalcroze** (1860-1950) elaborou un método baseado no solfexo a nivel melódico, a rítmica e a improvisación. É o creador da chamada “eurritmia” ou “rítmica Dalcroze”, que propón o corpo como medio de investigación e experimentación. Zoltan **Kodaly** (1882-1967) elabora un método baseado no folclore húngaro, empregando un sistema de transposición (o “do móbil”); a fononimia, relacionando xestos manuais coas distintas notas musicais, o solfexo silábico e as sílabas rítmicas. Edgar **Willems** (1890-1978) centra a aprendizaxe nos elementos fundamentais da música (ritmo, melodía e harmonía), relacionándoos coa natureza do ser humano (aspecto fisiolóxico, afectivo e mental, respectivamente). O alemán Carl **Orff** (1895-1982) ten un método fundamentado na prosodia rítmica, a formación instrumental (a “orquestra Orff”), o movemento e a improvisación. Maurice **Martenot** (1898-1980), considera fundamental a exposición do xogo nas diferentes actividades resaltando ademais a importancia da audición. Tamén destacan na pedagogía actual, Jos **Wuytack** (Bélxica 1935), deseñou o musicograma, como elemento integrador das artes visuais e a música, facilitando a comprensión das formas musicais. **Polo Vallejo**, compositor e etnomusicólogo, propón unha aproximación á cultura africana (Tanzania...), a través da música. **Fernando Palacios**, acerca a música aos nenos a través de concertos didácticos con relatos musicados (*Peer Gynt, La mota de polvo...*). **Verena Maschat** fai a súa achega á educación musical a partir da danza (tradicional ou coreografías creadas). **Keith Terry** emprega o corpo como instrumento e fomenta a comunicación intercultural a través da música e o movemento. Aínda que fai achegas a diversos aspectos da educación musical, quizais o máis salientable é a que fixo no campo de construción de instrumentos (*Artilugios e instrumentos*, xunto con Fernando Palacios e Laura Terré).

Estas metodoloxías serán empregadas no desenvolvemento desta programación.

A Canción

A aprendizaxe das cancións realizarase por imitación. Non se manterá unha metodoloxía inamobile. Adaptarase á canción e á actitude que os nenos presenten fronte os diferentes xeitos de aprendizaxe (se manteñen a atención, se lles resulta divertido, se se cansan...). Habitualmente, memorizarase a melodía de xeito inconsciente, traballando previamente o pulso, acento, compás ou elementos rítmicos mediante o movemento corporal mentres escoitan repetidamente a melodía.

Para as cancións de xestos, aprenderase, en primeiro lugar, a relacionar a palabra co xesto correspondente, sen entoación. Unha vez que todos os xestos estean relacionados, aprenderase a letra da canción xunto coa melodía. Prestarase especial atención ao aspecto da dramatización.

No caso de que a canción así o requira, aprenderase primeiro a letra, podendo aplicar diferentes exercicios relacionados coa expresión verbal, e que axuden aos nenos a enriquecer a súa entoación ao falar (pronunciar o mesmo texto con diferentes connotacións –alegría

ou tristeza-, imitando voces, con acentos, distintos idiomas...). Unha vez aprendida a letra, coñecerán, por imitación, a melodía. De novo poden empregarse diferentes exercicios (entoación relacionada con diferentes sentimentos, con sílabas inventadas, con sílabas rítmicas, tarareando...).

Tamén pode ocorrer que a canción presente algún motivo rítmico novo, que poida dificultar a aprendizaxe fluída da canción. Se isto sucede, é adecuado traballar previamente tal motivo rítmico (con movemento, percusión corporal, expresión verbal...).

Procurarase introducir música do noso repertorio popular.

Os nenos vense influídos polos medios de comunicación e as cancións actuais de consumo. Se propoñen traballar unha canción deste repertorio e se considera adecuada (tema, contidos musicais, relación texto-música...) o mestre considerará a posibilidade de empregala na aula (estreitase a relación entre a educación escolar e a sociedade actual).

A canción pode ser un vehículo acertado e axeitado para o achegamento de culturas. Consideraranse as achegas de alumnos de outras culturas, en forma de danzas, cancións ou xogos musicais. Isto favorecerá a súa integración. O coñecemento de outras culturas é unha das claves para a convivencia.

Técnica vocal. Este traballo basearase, por unha banda, en aportar un modelo o máis perfecto posible en canto a afinación, respiración, impostación e fraseo, e, pola outra, na observación atenta do alumnado, para corrixir aqueles posibles erros.

No referente ao autocontrol, é imprescindible que cada alumno aprenda a escoitarse, para poder chegar a ter conciencia tanto dos seus erros como dos acertos. Ante calquera dúbida, deberemos dar tempo suficiente para que o propio alumno recapacite, comprenda e atope a solución.

Coidarase tamén a colocación dos nenos, situando a aqueles que teñen maior dificultade, xunto aos que teñen máis facilidade.

O movemento

As actividades básicas de movemento son:

- camiñar seguindo o ritmo da música, marcando o pulso
- marcaxe do acento de compás
- marcaxe de elementos rítmicos destacados na melodía

Este tipo de actividades desenvolveranse a través do movemento con música gravada, ou, nalgúns casos e, para facilitar a consecución do obxectivo, con música interpretada e mesmo improvisada polo profesor.

Procurarase traballar diversas formacións no espazo, para favorecer a estruturación espacial dos nenos. Empregarase tanto o movemento libre como a formación de figuras xeométricas: en cadrado, en círculo, en liñas...

Como se indicará no punto seguinte, as improvisacións tamén serán traballadas dende o movemento. Empregaranse danzas e coreografías, que son de grande axuda para o desenvolvemento do movemento musical e a expresión corporal, así como para facilitar a comprensión da forma.

Para a aprendizaxe das coreografías empregaranse simetrías (en espello ou en paralelo, segundo se considere oportuno) ou a imitación en sombra.

A improvisación

Para a improvisación rítmica empregárase percusión corporal e expresión verbal, instrumentos de pequena percusión e láminas en pentafonía. Este último recurso é máis útil porque permite aos nenos explorar a improvisación melódica, evitando problemas coas disonancias, polo tipo de escala empregada, sen o IV e o VII grao da escala. Neste curso iniciárase tamén o traballo de improvisación na escala de Do.

As creacións poden servir como acompañamento dalgunha canción, ou introducirse como estrofas nalgunha cantiga axeitada para este fin.

Formación instrumental

Para tocar calquera instrumento. é importante procurar sempre unha correcta postura corporal, evitando tensións e a creación de malos hábitos.

Poderán traballar por imitación ou empregando a lectura convencional ou non convencional.

Se se considera oportuno, poderanse elaborar grupos de traballo nos que os máis avanzados axuden aos que presentan maiores dificultades.

Lectoescritura

Traballárase en todas as sesións, de forma conxunta ou individual, na libreta ou no encerado dixital, sempre durante un curto período de tempo para evitar o cansazo que esta actividade provoca.

Desenvolvemento da percepción.

Partindo do adquirido nos anteriores cursos, avanzaírase para lograr a diferenciación de timbres instrumentais, estilos de música e formas musicais. Empregaranse audicións, musicogramas e láminas con imaxes para facilitar esta aprendizaxe.

MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

Coa finalidade de facilitar unha resposta adaptada ás necesidades educativas específicas que presenten os nenos deste curso, planifícaranse medidas educativas con atención á diversidade.

A atención centrárase en necesidades educativas permanentes e nas transitorias.

As necesidades máis frecuentes están relacionadas con:

- condicións persoais de discapacidade psíquica e/ou sensorial
- ritmos lentos e dificultades de aprendizaxe
- condicións persoais, sociais ou culturais desfavorecidas, ou de descoñecemento da lingua
- alteracións no equilibrio emocional e/ou conductual que interfíren na adquisición das aprendizaxes

Como ferramentas para organizar a atención á diversidade poderían empregarse:

1. Organización do espazo da clase, e agrupamentos dos alumnos e alumnas segundo actividades, intereses e motivacións.
2. Utilización de pluralidade de técnicas segundo estilos de aprendizaxe dos alumnos e alumnas.
3. Aplicación de diversas modalidades de traballo (en grupos pequenos, en gran grupo, por parellas, individual).
4. Utilización de diversos materiais e soportes (auditivos, escritos, visuais).
5. Diversificación de actividades de aprendizaxe para un mesmo contido.

EDUCACIÓN EN VALORES

A adecuación en valores impregna a práctica educativa diaria e ten como finalidade a formación integral dos nosos alumn@s.

O seu tratamento abórdase dende dúas vertentes:

- **A nivel de centro:** levaranse a cabo as propostas incluídas na PXA sobre Educación para a Saúde, Educación Vial e Educación Medioambiental. Así mesmo, levaranse a cabo actividades colectivas, a nivel de centro, que favorezan a cooperación e o traballo en equipo (Día da Paz, Agosto, Entroido...)
- **A nivel de aula:** traballaranse transversalmente aspectos coma a autoestima, a tolerancia, a responsabilidade, a solidariedade, a colaboración entre iguais, o respecto á diferenza, etc.

MODIFICACIÓNS Á PROGRAMACIÓN COMO CONSECUENCIA DO COVID NUN ESCENARIO DE DOCENCIA NON PRESENCIAL

Avaliación e cualificación	
Avaliación	Procedementos: <ul style="list-style-type: none"> • observación directa e sistemática • análise dos traballos realizados • anotacións no diario do profesor/a e o anecdotario
	Instrumentos: <ul style="list-style-type: none"> • Caderno, traballos en google docs, imaxes de cadernos... • Ferramentas informáticas: Cisco Webex, Aula Virtual, blog do centro • Vídeos e audios • Ficheiro • Mapas conceptuais

	<ul style="list-style-type: none"> • Rexistro anecdotario e diario do profesor
Cualificación final	Probas e traballos (50%) Actitude e interese (10%) Traballo diario (40%)

Metodoloxía e actividades (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	Subida ao blog no apartado de música de tarefas e propostas educativas. Subida á Aula Virtual de tarefas e propostas educativas. Lectura de documentos Fichas de reforzo e ampliación Actividades de verdadeiro e falso, de escoller a resposta entre varias opcións, similitude ou diferenza, de emparellar... Resolución de preguntas Audicións Danzas
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<u>Alumnado con conectividade:</u> Subida ao blog e aula virtual do centro de actividades. Corrección das mesmas a través do correo electrónico. Participación en videoconferencias Contacto coa mestra titora para que recorde aos alumnos acceder ao apartado de música. Uso de Abalar móbil No blog/ aula virtual as actividades serán combinacións entre: <ul style="list-style-type: none"> • Fichas • Enlaces a páxinas web • Documentos e actividades presentados pola profesora • Vídeos explicativos do Youtube

	<ul style="list-style-type: none"> • Outras actividades <p><u>Alumnado sen conectividade.</u> Contacto coa familia por Abalar móbil ou teléfono Contacto a través de enderezo electrónico Ficheiro</p>
Materiais e recursos	<p>Blog: https://musicaareigosa.blogspot.com/ Cisco Webex Aula Virtual Abalar Enderezos web Enderezo electrónico Outros: Youtube</p>

Información e publicidade	
Información ao alumnado, ás familias e publicidade	<p>As familias serán informadas da modificación das programacións a través de Abalar, blog, páxina web e aula virtual do centro. As programacións estarán a disposición das familias no centro educativo para a súa consulta no horario establecido e con cita previa.</p>

3. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

A avaliación será continua, global, formativa e integradora en todas as áreas. Os criterios de avaliación xunto cos estándares de avaliación e as rúbricas serán referentes fundamentais para valorar o grao de adquisición das competencias básicas. Ademais terase en conta a actitude do alumno/a e o interese que mostre pola área.

Os procedementos serán:

Revisión e control do traballo diario nos cadernos e nas fichas.

Probas orais correspondentes ao traballo diario

Probas escritas correspondentes a cada unidade.

Seguimento e rexistro da avaliación continua.

Traballo dixital na plataforma Edixgal.

4. DIRECTRICES E INSTRUMENTOS PARA REALIZAR A AVALIACIÓN INICIAL

Como indica a Orde do 9 de xuño de 2016 pola que se regula a avaliación na educación primaria en Galicia, realizarase ao inicio do curso unha avaliación inicial co alumnado, que pretende facilitar a evolución positiva do seu proceso de aprendizaxe incidindo na adquisición das competencias básicas.

Valoraranse datos relativos aos cursos anteriores, informes médicos que revistan interese para a vida escolar, así como datos que aporten os familiares. Esta información cobra especial importancia nestes momentos ao incorporar aspectos relativos á situación persoal, xa que será o punto de referencia do traballo posterior.

Para realizala empregaremos, fundamentalmente, probas escritas e orais iniciais con diferentes exercicios e actividades simples que conteñan contidos propios do curso anterior.

Despois desta avaliación, farase unha valoración conxunta do equipo docente e o departamento de orientación, para adoptar medidas de reforzo, apoio e recuperación, coa posterior información ás familias.

5. REFORZO TRAS A AVALIACIÓN INICIAL.

Tras a realización da avaliación inicial sacamos varias conclusións:

- CMCBCT: No relativo á competencia matemática, atopamos lagoas importantes na realización das operacións aritméticas superiores (sobre todo na división). Tamén na resolución de problemas con operacións combinadas que impliquen as operacións citadas.
- CCL: En canto á competencia en comunicación lingüística podemos ver bo nivel na comprensión e expresión escrita en lingua castelá, agás contadas excepcións. No relativo á lingua galega non podemos dicir o mesmo. O alumnado de ambos grupos amosa falta de vocabulario e bastante descoñecemento da lingua, o que lles dificulta a comprensión de textos.

Tras a avaliación inicial ambos titores deseñamos un plan de reforzo para recuperar estas aprendizaxes que se estendeu ata comezos de outubro, axudados polo Dpto. de Orientación do centro.

6. ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN E REFORZOS PARA LOGRAR A RECUPERACIÓN.

As actividades de recuperación e reforzo planificadas para o este curso fan referencia a todas as áreas de aprendizaxe.

Darase un tratamento individualizado a cada un dos alumnos e alumnas que precisen o reforzo.

Se no proceso de avaliación continua se advertise que un alumno ou unha alumna tivese dificultades para seguir o proceso de aprendizaxe, adoptaremos medidas de reforzo coa finalidade de que adquira os coñecementos e o desenvolvemento necesarios para continuar o proceso educativo. Para facilitarlle ao alumnado a superación propoñerémoslle actividades axeitadas tendo en conta as dificultades ou as deficiencias que presenta.

7. METODOLOXÍA DIDÁCTICA, CONSIDERANDO AS COMPETENCIAS CLAVE COMO ELEMENTO ORGANIZADOR

Entendemos por metodoloxía didáctica o conxunto de estratexias, procedementos e accións organizadas planificadas polo profesorado, de forma consciente e reflexivo, coa finalidade de posibilitar a aprendizaxe do alumnado e o logro dos obxectivos suscitados.

Decreto 105/2014 do 4 de setembro polo que se regula o currículo de educación primaria na comunidade autónoma de Galicia, o Real Decreto 126/2014 do 28 de febreiro polo que se establece o currículo básico de educación primaria e a Ley Orgánica 2/2006 do 3 de maio de educación e a súa ampliación na Ley Orgánica 8/2013 do 9 de decembro para a mellora da calidade educativa, a metodoloxía didáctica é un elemento non prescriptivo do currículo, isto quere dicir que podemos modificalo sen limitacións para axustala ás necesidades educativas de cada grupo. No noso caso buscamos unha metodoloxía aberta e manipulativa, no que o alumnado sexa o protagonista da actividade, tendo que poñer en práctica os seus coñecementos para dar solución ás distintas situacións que se lle presenten. Isto, noutras palabras, ben a ser a propia definición doutro dos elementos do currículo: as competencias clave.

Para os efectos de dita orde, as competencias clave do currículo serán as seguintes.

Comunicación lingüística (CCL).

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT).

Competencia dixital (CD).

Aprender a aprender (CAA).

Competencias sociais e cívicas (CSC).

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).

Conciencia e expresión culturais (CCEC).

8. MEDIDAS DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE

Atendendo ao Decreto 229/2011 do 7 de decembro polo que se regula a Atención á Diversidade do alumnado nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, no seu artigo 8 atopamos as medidas ordinarias que empregaremos para atender ás necesidades educativas do noso grupo-clase.

No caso de que estas resultasen insuficientes, acudiríamos ao artigo 9, medidas extraordinarias, que, tras realizar os procedementos oportunos, poderán servirnos tamén para dar resposta ás necesidades do alumnado.

Nun primeiro momento optamos por adaptar á metodoloxía ao ritmo e estilo de traballo de cada grupo, empregaremos o reforzo positivo, así como o uso de actividades de reforzo e ampliación para aqueles discentes que o precisen.

8. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN.

Para avaliar o proceso de aprendizaxe e o traballo do alumnado de ambos grupos, empregaremos:

Área de matemáticas		
Participación	Probas escritas	Traballo diario
10%	50%	40%

Áreas de Lingua Galega e Literatura e de Lingua Castelá e Literatura		
Participación	Probas escritas	Traballo diario
10%	60%	30%

Área de Ciencias da Natureza		
Participación	Probas escritas	Traballo diario
10%	60%	30%

Área de Ciencias Sociais		
Participación	Probas escritas	Traballo diario
10%	60%	30%

10. DOCENCIA NOS TRES ESCENARIOS POSIBLES.

Ante o incerto curso ao que nos imos enfrontar neste 2020/2021, é a nosa responsabilidade como mestres ter preparada unha resposta educativa axeitada ás necesidades do noso alumnado sen importar o escenario que se nos presente. Existen tres posibilidades evidentes: que o curso continúe e se desenvolva con normalidade e de forma presencial, que teñamos que desenvolverlo dun xeito semipresencial ou que teñamos que traballar parte do curso de xeito non presencial.

Para calquera dos tres escenarios ímonos apoiar na plataforma EDIXGAL, que conta cos libros en formato dixital, así como actividades, tarefas e material de apoio e de reforzo ao que o alumnado pode acceder grazas aos ordenadores ultraportátiles que a Consellería de Educación pon á súa disposición. Isto facilítanos en gran medida o traballo, posto que nos permite traballar na distancia ofrecéndolle ao grupo formación constante.

Ademais, no caso de nos ver obrigados a traballar de xeito non presencial contamos coa aplicación Falemos, facilitada pola Consellería, para poder realizar videoconferencias.

MODALIDADE	RECURSOS
PRESENCIAL	Plataforma Edixgal, correo electrónico, abalar móbil.
SEMIPRESENCIAL	Plataforma Edixgal, correo electrónico,

	abalar móbil, Falemos.
NON PRESENCIAL	Plataforma Edixgal, correo electrónico, abalar móbil, Falemos.

11. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR

Tendo en conta os obxectivos do proxecto lector e o proxecto de biblioteca e os xerais do centro para este curso as actividades que desenvolveremos son as seguintes:

- Biblioteca de aula. A biblioteca contará cun número suficiente de contos, en galego e castelán, apropiados para o alumnado e convenientemente seleccionados, atendendo ao texto e ás ilustracións. Ademais haberá textos divulgativos que serán renovados en función dos proxectos que se estean a facer, revistas, folletos, etc.

Biblioteca do centro. Usarase para apoio a proxectos, especialmente documentais. (Debido as obras que se realizarán no centro o uso da biblioteca estará limitado).

Lectura diaria. Establécese un tempo para o fomento da lectura (individual, en grupo, coa colaboración de nais e pais...) de periodicidade diaria, das 12.10 ás 12.35 horas.

Expresión escrita: . Colaboración nas publicacións e actividades do centro (Contos de outono, xornal Froebel, Semana da prensa, Día do libro, Letras Galegas...).

OUTRAS ACTIVIDADES visita á biblioteca pública, asistencia a sesións de contacontos, etc.

O uso da biblioteca de aula verase moi limitado debido á situación actual, non poderían compartir libros. Os libros usados non poderían pasar a outro compañeiro/a ata pasados uns días.

12. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC

Na aula de quinto curso desenvólvese o proxecto Abalar. Cada alumno e alumna ten o seu propio portátil que se lle entrega ao inicio de curso e do que se responsabiliza, e cada aula conta cun encerado dixital.

Partindo do nivel do noso alumnado usaremos as TIC seguindo os obxectivos do plan TIC do centro.

As accións a desenvolver son:

- Procuras de información usando internet para os diferentes proxectos que facemos no ciclo.
- Uso de ferramentas dixitais para as diferentes áreas: dicionario de galego, enciclopedia Encarta, dicionario Dixital...
- Comunicación entre o alumnado a través do correo electrónico, creación dun blog...
- Manexo de Word para tratamento de textos.
- Presentación de temas utilizando PowerPoint.
- Consultas e traballos con diferentes páxinas web, tanto aquelas máis xenéricas como web puntuais para unha aprendizaxe concreta.
- Utilización de programas que faciliten a aprendizaxe.
- Deseño de actividades variadas que impliquen as TIC e favorezan a aprendizaxe construtiva.
- Carpeta de lecturas dixitais.
- Uso de periféricos do ordenador: rato, micrófono, teclado, impresora, cámara web...
- Uso de bitácoras, webquest e links.
- Lectura dixital de diferentes textos.
- Utilización de Xade para cuestións de titoría.
- Uso do programa Meiga para a biblioteca.
- Uso da pantalla dixital e canón.

13. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA

Para conseguir unha óptima convivencia no centro, nun clima de diálogo e boas relacións entre todos, programaremos as seguintes accións:

- 1 Informar ao comezo do curso sobre a vida no centro: normas de funcionamento, calendario, horarios, entradas e saídas, coidado das instalacións e dos recursos, xustificación de faltas, normas de convivencia, horario de tutoría,...
- 2 Establecer de maneira conxunta unhas normas básicas de aula e a forma para asegurar o seu cumprimento.
- 3 Utilizar as canles das que dispón o centro para a difusión e aclaracións das citadas normas a todos e todas.
- 4 Impulsar a participación activa de todos e todas.
- 5 Facilitar o tratamento dos conflitos a través das asembleas de aula.
- 6 Entrenar en habilidades sociais, para fomentar a convivencia, a integración e a participación dos alumnos na vida do centro.

Debido á situación actual, a aula debería ser ventilada e desinfectada con moita frecuencia. Ademais, o profesor titor sería que manexe útiles coma os rotuladores de pizarra, abrir e pechar ventás, tocar os pomos das portas, etc.

14. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LINGÜÍSTICO

A mellora da competencia lingüística é un dos obxectivos marcados polo centro para o presente curso e trataremos de que o alumnado o consiga traballando a fondo nas tres linguas e tendo como referencia o Proxecto Lingüístico do centro.

Debemos ter presente que na nosa comunidade coexisten dúas linguas en contacto estreito e cotián. Cómpre, pois, atopar fórmulas apropiadas para reflexionar sobre as estruturas comúns de ambas (galega e castelá) e recoller o tratamento das interferencias idiomáticas, coa finalidade de mellorar a expresión en cada unha delas partindo sempre da predominante no contorno inmediato.

Respecto á lingua inglesa e para acadar unha maior competencia oral da mesma, os alumnos e alumnas do terceiro ciclo reciben a materia de Plástica en inglés.

Tendo en conta o anterior desenvolveremos as seguintes accións:

- 1 Ofrecer tarefas que faciliten aprendizaxes significativos con textos axeitados ás experiencias e intereses do alumnado.
- 2 Realizar diferentes actividades e en distintos soportes que integren contidos e linguas, facilitado polo material Abalar.
- 3 Producir e utilizar a cotío textos escritos e orais nas diferentes áreas.
- 4 Realizar traballos de investigación con busca de información que se precise na biblioteca de centro.
- 5 Traballar textos literarios relacionados coas unidades.
- 6 Crear textos orais e escritos (relatos, poemas, entrevistas, lendas, anuncios publicitarios, textos expositivos etc.)

15. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS INCLUÍDOS OS LIBROS DE TEXTO

Os materias e recursos didácticos utilizados serán, entre outros, os seguintes:

Caderno do alumno.

Fichas de reforzo e ampliación.

Materiais manipulables (cartolinas, papel cuadriculado...).

Equipamento específico de educación física e de música.

Xornais, revistas...

Libros de lectura.

Ordenadores con acceso a Internet.

Dicionarios.

Materiais de refugallo

Encerado dixital interactivo.

Blog de recursos educativos.

16. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Durante presente curso, e debido á situación de emerxencia sanitaria na que nos atopamos, as actividades complementarias que realicemos serán aquelas que podan ter lugar en espazos abertos ou pechados pero con grande amplitude e ventilación.

As actividades complementarias que realicemos serán por grupos individuais, e dicir, todas serán limitadas por grupo. O grupo A realizara as mesmas actividades que o grupo B pero en diferentes horarios para no coincidir. Evidentemente, tampouco coincidirá con outros grupos no centro nin de fóra do centro.

17. PROCEDIMENTOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN

Tendo como referencia legislativa a Orde do 9 de xuño do 2016 pola que se regula a avaliación na Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, na que se inclúe a avaliación da práctica e o proceso de aprendizaxe avaliaremos todos os aspectos incluídos na programación:

1. Comprobar que os obxectivos, contidos, estándares de aprendizaxe e criterios de avaliación se adecúan ao previsto e as características do noso alumnado.
2. Se os procedementos, instrumentos de avaliación, os criterios de cualificación e as medidas de atención á diversidade foron os axeitados.
3. Se a organización da aula prevista e o desenvolvemento da programación foron adecuadas.
4. Se contribuímos ao logro dos diferentes plans, aproveitamento dos recursos do centro, etc.

Utilizaremos reunións , sesións de avaliación, comisión de coordinación pedagóxica e claustros para avaliar a propia programación.

O modelo a empregar é o que vén de seguido:

	AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DE 5º	1	2	3	4	Propostas de mellora
1.	Coherencia na relación entre tódolos elementos da programación					
2	Contribución dos contidos ao desenvolvemento dos obxectivos xerais					
3	Coherencia entre a programación de ciclo e a programación de aula					
4	Contribución da metodoloxía aplicada á adquisición das aprendizaxes previstas					
5.	Correspondencia entre os obxectivos fixados e os conseguidos.					
6.	Coherencia entre os criterios de avaliación e os obxectivos e contidos da programación					
7.	Valoración dos recursos en relación ás necesidades da programación					
8.	Adecuación das medidas de atención á					

	diversidade					
9.	Correspondencia entre a planificación de plans e proxectos e as actividades realizadas <ul style="list-style-type: none"> • Plan Lector Plan Lingüístico Plan Tic Plan Consumo					
10	Coordinación entre os profesores e profesoras do ciclo					

1. nada 2. pouco 3. bastante 4. moito